



Recomendación dirixida á Deputación Provincial da Coruña para que corrixa a expulsión dunha persoa da súa convocatoria de prácticas becadas de arqueoloxía

Expediente: D.3.Q/14958/17

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2017

Sr. presidente:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don [REDACTED]

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, nos indicaba que a súa reclamación referíase á resolución da convocatoria para a selección de "arqueólogos/as para a realización de prácticas como borseiros na Deputación Provincial da Coruña", publicado no BOP nº 41 do mércores 1 de marzo, tras serlle notificado o 27 de marzo de 2017, a resolución negativa da súa bolsa. A resolución comunicouse aos interesados a través dun correo electrónico no cal non se concedeu período de alegacións, da mesma maneira que no BOP non se estableceu período de reclamacións. Aínda así, exerceu o seu dereito legal a reclamar ante a Deputación Provincial. No seu escrito, textualmente, indica o seguinte:

“Os motivos da queixa parten da exclusión da miña solicitude por incumprir, segundo os contratantes, os requisitos citados nas bases do BOP 41 do 1 de marzo de 2017, ao cal argumento que ditos requisitos non só non se contemplan nas bases, senón que a interpretación das mesmas realizada polos contratantes resulta incoherente e inexacta. A pesar de non existir un período de alegacións oportuno, presentei unha reclamación xunto con algúns afectados máis, e aínda que esta queixa foi dirixida explicitamente ao presidente da Deputación da Coruña, foi resolta polos mesmos contratantes da bolsa.”

O motivo das súas reclamacións deriva da aplicación pola comisión de selección do artigo 3º do BOP anteriormente citado, en particular os artigos 3.2 e 3.3, a partir dos cales varias persoas (entre as cales se atopa) foron excluídas do proceso de selección pola aplicación dun criterio particular que non se explica nas formulacións xerais definidas nos devanditos artigos. Os puntos en cuestión das bases son os seguintes:

3.º. REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

3.1. Non percibir ningunha axuda económica incompatible.

3.2. Dispor do Título, obtido a partir do ano 2013, de graduados/as ou licenciados/as en Xeografía e Historia ou en Historia.

3.3. E dispor, ademáis do indicado non 3.2, alomenos 60 créditos de prehistoria e arqueoloxía ou con especialidade en arqueoloxía.

A persoa que promoveu este expediente é graduado en Historia, ten un máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade da Universidade de Santiago de Compostela no que cursou 60 créditos de arqueoloxía e /ou prehistoria. Con todo, a súa solicitude foi rexeitada por non acreditar os "60 créditos de prehistoria e arqueoloxía ou con especialidade en arqueoloxía" (punto 3.3) durante o período da licenciatura ou grao.

Manifestaba que consideraba este criterio incorrecto e inxustifico tras examinar detidamente as bases. Atendendo aos puntos 3.2 e 3.3, en ningún momento especificase que eses 60 créditos deban ser obtidos no Grao/Licenciatura de Historia/Xeografía e Historia, pois non se especifica o tipo de marco académico no que deberon cursarse. Por esta razón, e do mesmo xeito que outros afectados, entendeu desde un primeiro momento, que estes 60 créditos poderían ser obtidos a través doutro tipo de estudos (como pode ser, no seu caso, o Máster de Arqueoloxía e CC. da Antigüedad da USC, o cal acreditou e no que se recollen 60 créditos de especialización en prehistoria e arqueoloxía), e en consecuencia considera que a súa exclusión non se xustifica de forma algunha.

Ha de terse en conta, así mesmo, que tras a reforma educativa que levou á implantación do chamado "Plan Bolonia" no territorio nacional, a obtención de 60 créditos de especialización en prehistoria e arqueoloxía a través do Grao de Historia da USC é imposible. O motivo explícase ao ter en conta a redución do plan de estudos de cinco a catro anos e a implementación de materias obrigatorias con carácter interdisciplinar, en lugar das afeitas optativas de especialidade. Desta maneira, tras cursar todas as materias obrigatorias e optativas relativas a prehistoria e arqueoloxía presentes no grao da USC (as cales son Arqueoloxía I, Arqueoloxía II, Prehistoria I, Prehistoria II, Prehistoria de España,

Paleoecoloxía das comunidades prehistóricas, Sociedade e mentalidade na prehistoria) acádase un máximo de 48 créditos.

Da mesma maneira, cónstalle que algunha das solicitudes admitidas e incluídas na lista de seleccionados non cumpre co requisito esencial de posuír o título de Grao/Licenciatura de Historia ou de Xeografía e Historia, senón outras titulacións que, aínda que poderían ser válidas para estas bolsas, non cumpren os criterios inicialmente expostos nas bases.

Ante iso requirimos informe a esa Deputación, que no seu momento nola remitiu. En síntese, o informe sinala que vistas as alegacións presentadas ante a designación de dous arqueólogos para a realización de prácticas becadas na Deputación Provincial da Coruña, a Comisión de selección reuniuse novamente para estudar as alegacións presentadas.

Vista a acta da comisión de selección, e as súas deliberacións, o presidente da Deputación da Coruña resolveu, á proposta da comisión de selección, reunida novamente o día 30 de marzo de 2017, na que se ratificaron os criterios adoptados na primeira reunión da comisión de selección:

1°. Desestimar as alegacións presentadas por don [REDACTED] e Dña [REDACTED] polos seguintes motivos:

1. Que os 60 créditos en arqueoloxía e/ou prehistoria, son referidos aos cursados na licenciatura ou o grado.
2. Os reclamantes que alegan a complementación de créditos a través dun máster oficial, non presentan a documentación acreditativa dos créditos reclamados.
3. Dado que as becas son de arqueólogos, o grado en arqueoloxía, é asimilable ás titulacións requiridas no punto 3.2 das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 41 con data 1 de marzo de 2017.
4. Non houbo reclamacións ás bases, durante o prazo correspondente.

2°. Ratificar a resolución 9612 con fecha 27.03.2017 pola que se selecciona a dous arqueólogos para a realización de prácticas becadas, na Deputación Provincial da Coruña.

ANÁLISE

Á vista do informe recibido, coa súa documentación anexa, do exame da convocatoria publicada no BOP nº 41 e do escrito de queixa e a documentación achegada, debemos concluir que a convocatoria debería ser anulada en base ás seguintes consideracións.

A Deputación provincial ten, como non pode ser doutro xeito, plena autonomía organizativa para establecer os ámbitos de actuación preferente e determinar as liñas de apoio económico a esas actuacións. Pero unha vez que se publica unha convocatoria de subvencións ou calquera outra fórmula de axuda económica pública (prácticas remuneradas, bolsas...), as bases publicadas son a lei dese procedemento. Isto ten dúas consecuencias, a estes efectos:

-a primeira é que non cabe, legalmente, resolver a convocatoria vulnerando as especificacións das bases, sequera sexa por vía interpretativa.

-as condicións de contido imposible deben terse por non postas e non é necesario que se impugnen de xeito expreso.

Da análise da convocatoria, despréndese que existen na redacción das bases aspectos confusos ou problemáticos. Por unha parte, cando se fala de dispor, *ademáis do título de graduado ou licenciado en Xeografía e Historia ou en Historia, alomenos de 60 créditos de prehistoria ou arqueoloxía ou con especialidade en arqueoloxía*. Literalmente, esa esixencia non se circunscribe aos créditos da titulación polo que é perfectamente posible que eses 60 créditos fosen acadados á marxe do plan de estudos oficial da titulación, por exemplo, por un máster en arqueoloxía ao que se refiren tamén as bases ao especificar o baremo. De feito, ao baremar un título de máster cando todos os créditos esixidos na convocatoria deben terse acadado nos estudos de grao. Pero ademáis, tal e como fixo constar a persoa promotora da queixa, non é posible acadar 60 créditos de prehistoria ou arqueoloxía no plan de estudos de Grao en Historia posterior a 2013 simplemente porque non existen. Por este motivo, é lóxico que os candidatos considerasen que por non poder xustificar tal número de créditos con especialidade en arqueoloxía, podían terse cursado e dispor deles *ademáis do título de graduados/as ou licenciados/as en Xeografía e Historia ou en Historia*, segundo a redacción literal deste apartado.

A esta alegación formulada pola persoa promotora da queixa, que pon de manifesto un requisito de imposible cumprimento no caso de enmarcar tales créditos nunha das titulacións esixidas, a Comisión de selección na súa reunión do día 30 de marzo de 2017, non proporcionou a necesaria xustificación ou aclaración.

Con todo, o elemento máis conflitivo e que supón unha clara conculcación das bases é entender que cabe seleccionar a candidatos que presenten titulacións distintas dalgunha das dúas requiridas, por asimilación. Se a Comisión considera que a titulación en Arqueoloxía se acomoda mellor aos obxectivos das prácticas, por tratarse de bolsas de arqueólogo, debería terla incluído entre as titulacións admitidas pero en ningún caso cabe, con as actuais bases, seleccionar a dous arqueólogos e inadmitir a graduados/as ou licenciados/as en Xeografía e Historia ou en Historia que cursaron ademáis 60 créditos de arqueoloxía ou prehistoria xa que iso supón unha vulneración obxectiva dos requisitos dos solicitantes que non esta amparada pola norma.

Esta institución considera que a situación creada é gravemente lesiva para as dúas persoas excluídas, que cumpren obxectivamente os requisitos da convocatoria e non pode amparar unha decisión administrativa irregular derivada dunha aplicación inadecuada das bases da convocatoria por parte da Comisión de selección. Pero comprendemos tamén que a anulación da convocatoria causa un grave prexuízo ao candidatos seleccionados. Non obstante, no exercicio das súas competencias de supervisión do adecuado funcionamento das administracións públicas, cando da actuación destas se derive unha lesión ou perxuízo ilexítimo para os cidadáns, como sucede no presente caso, esta institución debe instar á Deputación da Coruña a que corrixa a situación creada. Polo demais, a propia convocatoria esta formulada dun xeito aberto sobre o número de titulados a seleccionar, estando prevista a posibilidade de incrementar o número de bolseiros en prácticas.

Por esta razón, consideramos que existen vías para corrixir a actuación administrativa obxecto da queixa, á marxe de que os interesados acudisen ou non ao recurso contencioso-administrativo, vía que sería desproporcionada polos custes e o tempo previsible de resolución do recurso, cando se está a tratar de bolsas de prácticas para recén titulados.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Presidencia da Deputación da Coruña a seguinte **recomendación**:

Que a Presidencia da Deputación da Coruña adopte as medidas precisas para corrixir a exclusión da persoa promotora deste expediente por causa dunha inadecuada aplicación das bases da convocatoria

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da

aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo